





### Movemento Tinkering: a capacidade de improvisar con creatividade

O sistema de aprendizaxe de "Creativity" está inspirado no movemento Tinkering do Exploratorium de San Francisco, que nace do movemento Maker (ou Making), que mestura tecnoloxías dixitais e físicas para o deseño creativo, a construción e a personalización de obxectos e artefactos cun obxectivo lúdico ou utilitario.

Trátase dun novo paradigma que sitúa a creatividade e o deseño nun plano central. Os xogos que propoñen resolver problemas de forma improvisada preparan os nenos e as nenas para se enfrontar a novos retos de xeito creativo e para sentírense cómodos nunha sociedade que cambia de forma constante.

### EduCaixa, cara á educación do século XXI

EduCaixa é o programa que abrangue toda a oferta educativa da "la Caixa", e cuxo fin é promover e impulsar a transformación da educación e responder así ás necesidades da sociedade do século XXI.

EduCaixa diríxese ao alumnado e ao profesorado de educación infantil, secundaria, bacharelato e ciclos formativos de grao medio. O seu obxectivo principal é promover o desenvolvemento competencial do alumnado e ofrecer á comunidade educativa recursos, actividades e prácticas educativas que cumpran este obxectivo.

### Proxecto educativo

Recursos didácticos para o profesorado que o axudarán a preparar a visita á exposición e a seguir traballando a materia na aula após a visita.

[www.educaixa.com](http://www.educaixa.com)